| - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.<br>- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedade (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.<br>- Utilización de léxico común de interese para o alumnado relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura; así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).<br>- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.<br>- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.<br>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.<br>- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos, e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.<br>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.¿).<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.<br>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).<br>- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

1) Ainda que en menor medida, e para evitar traducións innecesarias en favor da pura inmersión na lingua portuguesa, a imaxe formará parte tamén neste nivel do enfoque metodolóxico que queremos potenciar: imaxe para
a expresión oral e imaxe para a expresión escrita: a lingua que vive en cada visionado: na aula, no propio alumnado, no material audiovisual... Se facemos un uso recorrente dela, adecuándoa a determinados obxectivos, facemos a
aprendizaxe efectiva e significativa e creamos unha base sólida para construcións lingüísticas máis complexas. Empregarase sobre todo para a adquisición de léxico frecuente que irá enriquecéndose pouco a pouco.
2) No Bacharelato, por outro lado, o vocabulario tórnase máis abstracto, e faise frecuentar aos/ás alumnos/as os textos literarios, así como no estudo de xiros idiomáticos que lles poidan permitir, por exemplo, entender un programa de radio. Os recursos incrementan sentidos: o oído pasa a intervir de maneira significativa na aprendizaxe, de forma que se desenvolva adecuadamente a comprensión do oral.
3) A interactuación do colectivo que conforma a clase é outro dos piares sobre os que se constrúe o predio lingüístico: é preciso aprender xuntos un código que serve, basicamente, para comunicarnos cos demais. A lingua pasa, entón,
por métodos que propicien a intervención do grupo e a interlocución continua dos seus membros: representación de escenas cotiás, concursos de léxico, resposta ás fórmulas de uso habitual (saúdo, presentación...).
4) A música é un dos camiños a percorrer. Os textos poden escoitarse cantarse aínda sen ser estudados lingüisticamente, e iso permitirá que o alumnado aprenda de maneira activa e atractiva e cree unha expectativa da súa propia aprendizaxe moito máis elevada ca se se tratase dun texto común.
5) A estancia no mundo lusófono, física ou virtual, completa un proceso dinámico no que a lingua debe ser usada para "aprenderse a si mesma": no seu territorio de orixe, no caso das visitas didácticas organizadas a Portugal, e nos territorios da Lusofonía que as novas tecnoloxías nos ofrecen actualmente (intercambios con estudantes portugueses a través de calquera medio: mail, skipe, teléfono...). O estudantado de Bacharelato poden aproveitar magnificamente
estas opcións, se ben non se orientan especificamente cara a ningún curso concreto; serán a propia madureza lingüística do alumnado e a súa iniciativa no contacto con falantes nativos os factores que definan unha maior
concorrencia nesta vía de aprendizaxe.

6) A metodoloxía irase adaptando ó longo do curso segundo as necesidades. Ten máis sentido, xa que logo, falar dela na memoria final, pois en principio só se poderían presentar unhas liñas de actuación, de intención e de susposta idoneidade. Só o tempo e o proceso de aprendizaxe que se desenvolva co alumnado de portugués permitirán confirmar esta liña proposta.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Este curso non se utilizará libro de texto neste nivel. Todos os materiais foron elaborados (e elaboraranse cantos cumpran) adecuándoos ás necesidades do grupo, tendo sempre en conta que boa parte do alumnado precisa dun reforzo especial de inmersión por ser a primeira vez que cursa a materia de Lingua portuguesa. Cómpre, xa que logo, incorporar ó novo alumnado ó nivel que se require ou, cando menos, orientalo individualmente para que acade os mínimos establecidos para o mesmo. A non escolla dun libro de texto explícase por estas circunstancias.<br>En xeral, todos os materiais e recursos que se empreguen serán pensados especificamente para aumentar a eficacia de determinadas aprendizaxes. Entre outros, recorreremos a:<br><br>- Libros de texto (só de apoio puntual): NAVEGAR EM PORTUGUÊS I, FALAS PORTUGUÊS?<br>- Materiais teóricos: GRAMÁTICA ATIVA I, GRAMÁTICA ATIVA II, NOVA GRAMÁTICA DE PORTUGUÊS, FALSOS |

AMIGOS, 5OO ERROS MAIS COMUNS DA LÍNGUA PORTUGUESA, MANUAL DE FONÉTICA, HOJE EM DIA, PORTUGUÊS ATUAL 3.
- Prácticas de lingua e exercicios: FALAR PELOS COTOVELOS, PORTUGUÊS OUTRA VEZ, PORTUGUÊS EM DIREITO, PRATICAR PORTUGUÊS, DO Ñ PARA O NH, ESCRITA EM DIA, POR FALAR NISSO, HISTÓRIAS DE BOLSO.
- Manuais de consulta: DICIONÁRIO PORTUGUÊS LÍNGUA ESTRANGEIRA, DICIONÁRIO VISUAL ATRAVÉS, DICIONÁRIO DA LÍNGUA PORTUGUESA,
- Publicacións periódicas portuguesas: prensa convencional (cando se dispoña dela) ou dixital, revistas específicas de gastronomía, cociña, viaxes, culturais... (serie CULINÁRIA, MARAVILHA, COZINHA REGIONAL...).
- Publicacións puntuais (conmemorativas ou de cooperación): DOIS PAÍSES, UM DESTINO.
- Textos de obras clásicas da literatura portuguesa e lusófona en xeral e da narrativa xuvenil actual (títulos referidos no apartado de Plan Lector desta programación; unha parte traballarase na clase, con fragmentos escollidos e outra
parte serán lidos integramente polo alumnado tal como se indica no dito Plan Lector).
- Medios de comunicación, nomeadamente a RTP (a Rádio Televisão Portuguesa) e o diario PÚBLICO na súa versión dixital.
- Internet (vídeos, enciclopedias, páxinas web...).
- Dicionarios visuais elaborados pola profesora, dixitais ou dixitalizados (imaxes escaneadas a partir de tarxetas, pare evitar manipular obxectos na aula).
- Cd e DVD con música de diferentes puntos da Lusofonía: Cesária Évora, Zeca Afonso, Vinícius de Moraes, Bárbara Tinoco, Amália Rodrigues, Miguel Araújo, Tribalistas, Mariza, António Zambujo, Ana Moura...
- Sempre que sexa posible, obxectos de uso práctico que acheguen os campos léxicos á realidade (o servizo da mesa; a roupa; o material escolar; alimentos; símbolos materiais da cultura portuguesa e lusófona, aparellos de uso cotián...).
- Folletos publicitarios, notas informativas, información de produtos comerciais...
- Filmes en portugués: A REDE SOCIAL, MEU PÉ DE LARANJA LIMA, CANÇÃO DE LISBOA, O PRINCÍPIO DA INCERTEZA, ALICE, TUDO O QUE APRENDEMOS JUNTOS, A ONDA, O HOMEM QUE COPIAVA, XINGU e episodios soltos dalgunhas series de interese (3%, BLACK MIRROR).
- Fichas de todo tipo elaboradas pola profesora: para completar palabras a partir de audicións; para substituír termos marcados por sinónimos ou antónimos; textos breves para continuar ou resolver (buscar un final); xogos de palabras
(adiviñar o termo...); palabras para definir; definicións para buscar o termo que corresponde; series para localizar o vocábulo intruso, prácticas con falsos amigos (palabras existentes nalgunha das outras linguas que coñecen,
pero que presentan en portugués un sentido diferente)...
- Outros recursos (?): visita dalgún cantante en portugués; visitas a Portugal e interacción cos falantes nativos; charla no centro con algunha persoa portuguesa ou dalgún país lusófono que estea a residir actualmente na contorna...
- Tódolos materiais que se proporcionen en cursos ou xornadas de formación (ou unha orientación sobre os mesmos) serán adaptados así mesmo como complemento para os distintos niveis en que se imparte a materia de Lingua
portuguesa.
- Como ferramentas de traballo, será fundamental o uso de ordenadores, aínda tratándose de ensino só presencial.
Por iso, sempre que sexa posible, utilizaranse as aulas de Informática do centro como recurso habitual de aprendizaxe. Nas primeiras semanas, explicaranse ou revisaranse procedementos de uso da aula virtual para un bo
aproveitamento da mesma e traballaranse outros aspectos (procesamento de textos...). O móbil será outra ferramenta útil en casos puntuais que se lle irán indicando ó alumnado ó longo do curso.
- Outros que poidan xurdir que se reflectirán na memoria final de curso.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras clases do curso pediraselle ao alumnado de 1º BAC que cubra un cuestionario escrito escrito sobre diferentes aspectos da lingua e da cultura portuguesa e dos pobos lusófonos, nomeadamente a través de
procedementos de comprensión escrita. A comprensión oral farase coa audición de varias gravacións breves escollidas especialmente para a toma de contacto coa lingua. Outros aspectos, breves, serán dirixidos oralmente pola
profesora co obxectivo de valorar a capacidade de asimilación espontánea destes alumnos, que, polo nivel en que están, probablemente xa teñan moi poucas dificultades para comprender a "nova lingua" aínda que sexa a

primeira
vez que a cursan. En base á resposta do grupo tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas a seguir no curso. En calquera dos casos, cumprirá, mesmo neste nivel, axustar a avaliación da materia á progresión dos discentes, asegurándonos de realizar unha aprendizaxe significativa.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **16** | **16** | **16** | **16** | **16** | **20** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

Para os criterios de cualificación, non se farán probas escritas.
Teremos en conta o seguinte baremo:
1) Terase en conta con todos os exercicios elaborados de diferente tipo tanto na aula coma na casa. Serán traballos nos que o alumnado deberá demostrar a comprensión e a produción escrita. Estes traballos representarán un 50% da nota. Tamén realizarán diferntes tarefas relacionadas coa produción e comprensión oral, 30%, e tamén traballos (da casa ou da clase), exposicións e outras tarefas que contarán un 20%.
Para valorar estes traballamos, teremos en conta rúbricas, a observación directa da docente, o caderno da profesora etc.
2) Como norma xeral, no BACHARELATO descontarase 0.10 puntos por cada falta de ortografía. Non se terán en conta, en ningún caso as faltas repetidas (se aparece máis dunha vez ó longo dun texto, descontarase unha soa vez)
3) A cualificación final obterase calculando a media das tres avaliacións, valorando sempre a evolución positiva do alumno/a ó longo do curso. Para aprobar é necesario obter una nota igual ou superior a 5/10.
(*) En cumprimento da ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o procedemento de avaliación da materia de Portugués Segunda Lingua Estranxeira a partir do curso 2021-2022 aplicarase do seguinte xeito:
- No 1º curso de Bacharelato, dado que coinciden a 3ª avaliación e a final ordinaria, no caso de que houbese alumnado suspenso, durante o período precedente á avaliación extraordinaria (mes de xuño) atenderanse as súas dúbidas e traballaranse os contidos do curso voltando a realizar, como práctica, as probas do mesmo e outras específicas deseñadas para a revisión xeral da materia.

**Criterios de recuperación:**

- Avaliación extraordinaria
Cando unha alumna ou alumno non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba final, oral e escrita, de toda a materia impartida. A valoración desta proba é sobre 10 puntos, dos cales, 3 corresponderán á parte oral (compresión dun audio e expresión oral dun determinado tema a escoller entre tres) e 7 á parte escrita (comprensión de textos escritos: 2 puntos; expresión escrita (redacción): 1.5 puntos e manexo das estruturas gramaticais: 3.5 puntos, dos cales, 1 punto corresponderá á parte teórica e 2.5 á práctica).

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Dado que se trata do primeiro curso da etapa, non hai alumnado con esta materia pendente. Se, transcorrido o curso actual, algún alumno ou alumna non conseguise superala, o procedemento sería o seguinte:
Para a recuperación da materia pendente no 1º curso do Bacharelato, os contidos que se avaliarán son os que se lle comunicarán ó alumnado como contidos mínimos da materia para este nivel. Realizaranse 3 probas, 1 por cada trimestre e nelas entrarán os contidos que se lles entregarán ao alumnado no comezo do curso.
A forma de avaliar estas probas será a mesma que se emprega na avaliación de 1º de Bacharelato, recollidos no epígrafe anterior.

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non se require acreditar coñecementos previos, dado que se trata do curso inicial da etapa (BACHARELATO) e, polo tanto, realizarase o estudo da materia desde a base.

### 6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado da segunda lingua estranxeira, en xeral, presenta unha gran diversidade de características (intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe) que hai que atender. De feito, desde o momento en que os/as alumnos/as optaron pola SLE, xa se está tendo en conta esa diversidade de intereses. A opcionalidade queda así suscitada, desde a súa orixe, como un espazo educativo onde prima unha formulación curricular aberta e flexible, e
serán o/a profesor/a quen interprete os diversos contidos, de acordo coa realidade das características persoais e grupais que caracterizan os/as alumnos/as do grupo co que se está traballando.
Esta atención á diversidade debe aplicarse ao longo de todo o proceso educativo dun xeito efectivo e eficaz:
- Nun primeiro momento do proceso, facendo que cada alumno/a parta dos seus propios coñecementos e capacidades, consciente de que os seus avances no proceso serán valorados, en todo momento, tomando como referencia os seus coñecementos previos, sen esquecer que forma parte dun grupo.
- Nas diferentes fases do proceso, estimulando, corrixindo e valorando a cada alumno/a, avaliando, á súa vez, a eficacia constatada dos materiais e metodoloxías empregados.
- Ao final do curso académico, considerando os progresos alcanzados polo/a alumno/a con respecto ao seu propio punto de partida individual, máis que con referencia aos parámetros obxectivos da perspectiva grupal en xeral.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Igualdade efectiva e igualdade de trato | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.4 - Promoción de valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual a homes e mulleres, ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia e tal e como a súa prevención | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Seguridade viaria, convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Riqueza linguística e multilinguismo | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

As competencias transversais pódense designar como aprendizaxes troncais, é dicir, están relacionadas coa importancia de aprender a aprender durante o ensino, é dicir, urxe facer que o alumnado sexa máis autónomo e
activo na súa aprendizaxe.
Tendo en conta que os elementos transversais forman parte das competencias xerais e, polo tanto, corresponden a un conxunto de actitudes, coñecementos e habilidades, dotando ao alumno de ferramentas indispensables
para comunicarse. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional deben traballarse en
todas as materias. Correspóndelle ao órgano competente promover o desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con algún tipo de discapacidade, e
os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación para calquera persoa. condición ou circunstancia persoal ou social. Así como aprender a previr e resolver conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social e todos os valores que sustentan a igualdade, a liberdade, a xustiza entre homes e mulleres, o rexeitamento á violencia terrorista e o respecto ás vítimas do terrorismo ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| PALAVRAS PERFEITAS (1º trimestre) | Concurso PALAVRAS PERFEITAS (para todo o alumnado de Lingua Portuguesa): o alumnado participante deberá escoller a súa palabra preferida en portugués e ilustrala nun cartaz cunha fotografía (ou un debuxo/pintura) da súa autoría. Cada grupo seleccionará, por votación, as cinco mellores para expoñelas xunto coas dos demais grupos nalgún dos espazos comúns do centro. Actividade proposta para O 1º trimestre. | X | | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| SEMANA DA POESIA (2º trimestre) | Participación  na Semana da Poesía do centro. Nela o alumnado que teña a ben declamar un poema escollerá os textos da súa preferencia, de calquera época, estilo ou procedencia dentro da Lusofonía, con o único requisito de que os lea e interprete en portugués. Neste curso, ademais, promoverase a creatividade do alumnado, propoñendo leitura de poemas de elaboracións propia (o dos compañeiros) e algunha performance la declamación dos clásicos lusófonos (vestimenta de raíz cultural, combinación de lectores en grupo...). | | X | |
| VIAXE A PORTUGAL (pasar uns 2 ou 3 días nalgunha cidade de Portugal) | Serán os propios alumnos e alumnas os que organicen a viaxe (lugar, hospedaxe...) | | X | |
| CONMEMORACIÓN DA REVOLUÇÃO DOS CRAVOS (25/04/2024) | En abril de 2024 conmemoraremos a Revolução dos cravos cantando a emblemática Grândola, vila morena nas instalacións do noso IES. | | | X |
| SEMANA DA LUSOFONÍA (3º trimestre) | Crearemos a  SEMANA CULTURAL DA LUSOFONIA (final de curso), e o alumnado participante realizará, por grupos, exposicións sobre distintos aspectos culturais de cada país lusófono. O conxunto delas será colocado nunha ubicación común (biblioteca, corredores...) e publicitado como exemplo do espírito lusófono do IES Terra de Soneira | | | X |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| O labor docente e o propio proceso educativo serán valorados a final de curso a partir da análise dos seguintes indicadores de logro (observacións): |

**Descrición:**

PROCESO DE ENSINO: 1 (MOI POUCO) - 2 (DE FORMA ACEPTABLE) - 3 (BASTANTE ) - 4 (MOITO)
1) O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
2) Conseguiuse crear un contexto cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
3) Conseguiuse motivar para conseguir desenvolver a actividade intelectual e física?
4) Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
5) Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
6) Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
7) Tomouse algunha medida curricular para atender o alumnado con NEAE?
8) Tomouse algunha medida organizativa para atender o alumnado con NEAE?
9) Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
10) Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
11) Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
12) Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

PRÁCTICA DOCENTE DE ENSINO: 1 (MOI POUCO) - 2 (DE FORMA ACEPTABLE) - 3 (BASTANTE ) - 4 (MOITO)
1) Danse explicacións suficientes para todo o alumnado.

2) Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
3) Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade.
4) Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
5) Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
6) Intercálase o traballo individual e en equipo?
5) Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
6) Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino ¿ aprendizaxe?
7) Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
8) Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.?
9) Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?
10) Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
11) Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
12) Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación?

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao final de cada avaliación, revisarase a programación didáctica, co obxectivo de comprobar a temporalización e reprogramar en caso de desfase. Ademais, farase un seguimento da mesma desde o departamento (desenvolvemento, dificultades, acertos...) que constará nas actas correspondentes. Por outra parte, analizaranse nas CCP que se convoquen durante o ano, a viabilidade de coordinar programacións de distintos departamentos (por exemplo, dos de linguas) para a posta en práctica de actividades plurilingües, sobre todo nos dous primeiros cursos da ESO, especialmente as orientadas a tratar a transversalidade.

## 9. Outros apartados